

PROGRAMA

LUNS 10

OURENSE

20:30

TEATRO PRINCIPAL
Cerimonia de inauguración

MARTES 11

BANDE

20:30

Festival na Praza da Constitución

A RÚA

22:30

Festival no Parque do Aguillón

MÉRCORES 12

O BARCO

22:30

Festival no Parque do Malecón

CELANOVA

20:30

Festival no Claustro do mosteiro

XOVES 13

ALLARIZ

22:30

Festival no Campo da Barreira (capela S. Bieito)

MACEDA

22:30

Festival na Rúa do Toural

VENRES 14

MANZANEDA

22:30

Festival no Patio do Colexio

VERÍN

22:30

Festival no Parque Penguiza

SÁBADO 15

C. CALDELAS

22:30

Festival na Praza do Prado

ENTRIMO

20:30

Festival na Alameda

DOMINGO 16

O CARBALLIÑO

22:30

Festival no Auditorio da Praza da Veracruz

XINZO DE LIMIA

20:00

Desfile Parque do Toural - Praza Carlos Casares

20:30

Festival na Praza Carlos Casares

LUNS 17

VIANA DO BOLO

22:30

Festival na Praza Maior

TRIVES

22:30

Festival no Patio Sta. Leonor

MARTES 18

OURENSE

22:30

Desfile Parque San Lázaro - Praza Maior

23:00

Festival na Praza Maior

MÉRCORES 19

RIBADAVIA

23:00

Festival no Auditorio do Castelo

XOVES 20

Partida dos grupos



XLI Jornadas de Folclore

ORGANIZA



PATROCINAN



XUNTA
DE GALICIA



XORNADAS DE FOLCLORE
Apdo. de Correos 484
32080 Ourense - España
Telf./Fax: 00 34 988 317880
xornadasfolclore@depourense.gal

VILA FOLCLÓRICA
Centro Residencial Docente
Universidade Laboral
Avda. da Universidade, s/n
A Cuña - Mariñamansa - Ourense

10-20 AGOSTO 2026 XLI Jornadas de folclore



ARMENIA Sebastia Dance Ensemble
Taron Aesthetic Center
ECUADOR Elenco Nukanchik
MEXICO Cia. Nacional de Danza
Folklorica de Nives Paniagua
SENEGAL Ballet Jammu
SERBIA Folk Dance Group Tucovic
TAIWAN Yitzy Folk Dance Theatre

OURENSE · A RÚA · ALLARIZ · BANDE · CASTRO CALDELAS · CELANOVA
ENTRIMO · MACEDA · MANZANEDA · O BARCO · O CARBALLIÑO
RIBADAVIA · TRIVES · VERÍN · VIANA DO BOLO · XINZO DE LIMIA

ARMENIA **"SEBASTIA DANCE ENSEMBLE" - TARON AESTHETIC CENTER**



Este grupo foi creado no ano 1977 e na actualidade está integrado no Centro Estético "Taron" da cidade de Yerevan, capital de Armenia, converténdose no portador das tradicións e do folclore do país caucásico. Sebastia Dance Ensemble está formado por mozos e mozas de 15 a 30 anos, que comezan a se formar no baile e música tradicional a curtas idades, até alcanzaren a formar parte do primeiro elenco. O programa do grupo vive das danzas e rituais ancestrais do pobo armenio e foi presentado en máis de 400 actuacións en Yeveran e outras cidades de Armenia, así como en máis de 50 festivais de folclore de todo o mundo, recompilando numerosos recoñecementos e premios.

ECUADOR **ÑUKANCHIK ECUADOR**



A súa fundación data do ano 2004 na cidade de Riobamba, ao sur de Quito, e dende o inicio tivo como obxectivo a revitalización da memoria cultural do pobo ecuatoriano e o fortalecemento da súa identidade a través de manifestacións tradicionais da cultura montubia, afroecuatoriana, amazónica e andina do Ecuador, achegándose aos saberes ancestrais con respecto cara as diversidades culturais existentes no país suramericano. Ñukanchik Ecuador ten participado en festivais nacionais e internacionais facendo xiras por países de América como Bolivia, Perú, Arxentina, México, Chile, e de Europa: Bélxica, Francia, Países Baixos, Portugal e España.

SENEGAL **"Ballet JAMMU"**



O Ballet Jammu nace en Dakar, capital do Senegal, en 2008, froito dun proxecto no que se fusionan dúas ideas: facer un grupo de folclore estable e ao mesmo tempo crear unha escola de música e danza. A súa sede está no Centro Cultural de Yoff, barrio marítimo de Dakar no que viven os Lebu, peculiar etnia de pescadores cun idioma e cultura propia e onde xorden as coreografías e se realizan os ensaios. Neste grupo participan mozos músicos e bailaríns de todas as etnias de Senegal -Wolof, Bambara, Peul, Toutcouleur, etc...- Nos seus espectáculos preséntannos as danzas máis tradicionais do Senegal como o Sabar, Djembe, etc. As súas impresionantes danzas combinan movementos cheos de enerxía cunha espectacular acrobacia, baseadas no ritmo Mbalax. Este ritmo obtense dos tambores Sabar, empregados durante séculos polos Wolof do Senegal.

MÉXICO **COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA FOLKLÓRICA DE NIEVES PANIAGUA**



Dende a súa creación en 1975 en Ciudad de México, baixo o nome de Folklórico de la Dirección General de Educación Tecnológica Industria, pasando en 1984 a denominarse Compañía Nacional de Danza Folklórica por designación do Instituto Nacional de Belas Artes e Literatura, este afamado grupo mexicano contou sempre cun equipo de recompiladores e investigadores que aportaron aos seus membros o seu traballo relacionado cos costumes e tradicións que foron chegando até os nosos días, converténdose así nun elemento de salvagarda do patrimonio cultural mexicano a través das presentacións de bailes e músicas das diversas rexións do país. As numerosas xiras internacionais deste grupo e o éxito e recoñecemento adquirido ao longo da súa historia, sendo esta a cuarta ocasión que participa no noso festival.

SERBIA **FOLK DANCE GROUP «TUCOVIC»**



Entre os numerosos grupos de folclore de Serbia, a compañía Tucovic, fundada en 1978 en Belgrado, ocupa un lugar destacado, converténdose nun dos máis populares e de maior éxito do país balcánico. Esta formación presenta o rico folclore serbio dun xeito novidoso e atractivo, no que prevalece o entusiasmo dos seus compoñentes no escenario, sentimento que se transmite ao público en cada actuación. Os seus bailaríns alcanzan unha calidade artística baseada nas súas habilidades, dedicación e traballo no ensaios, que acompañado dun variado e colorido vestuario e unha alegre e contaxiosa música, fan das presentacións de Tucovic un dos principais representantes do folclore serbio, recoñecido en festivais de folclore de todo o mundo: México, Taiwán, India, Francia, Grecia, Exipto, Turquía, India, España...

TAIWÁN **YITZY FOLK DANCE THEATRE**



Fundado en 1996 en Tainán, a antiga capital e corazón cultural de Taiwán, YiTzy Folk Dance Theatre ten como obxectivo a preservación e revitalización do folclore e as tradicións taiwanesas a través da innovación, integración e intercambio cultural, compartindo o diverso e vibrante legado do seu pobo. A través do seu repertorio, o grupo representa cerimonias relixiosas, lendas, feitos históricos e bailes de traballos e festividades, ofrecendo unha ampla representación da cultura tradicional chinesa. Nos seus trinta anos de existencia, este grupo ten participado en máis de oitenta cidades de todo o mundo en preto de 300 festivais de folclore, dende 2018 acolle, xunto con grupos de Xapón e Corea do Sur, o Festival Mundial de Danza Étnica que inclúe seminarios, talleres e actuacións nos tres países, usando o baile tradicional como elemento vinculante.